

**A N U N C I O*****APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA REGULADORA DA ACTIVIDADE DE OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO CON MESAS E OUTRO MOBILIARIO.***

O Pleno do Concello do Grove en sesión ordinaria celebrada o 25 de abril de 2013 adoptou entre outros o seguinte acordo:

**PRIMEIRO.**— Aprobar inicialmente a Ordenanza Municipal reguladora da actividade de ocupación de terreos de uso público con mesas e outro mobiliario.

**SEGUNDO.**— Someter dita ordenanza a información pública e audiencia aos interesados, coa publicación do anuncio no BOP e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de 30 días para que poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación. De non presentarse reclamacións ou suxestión no mencionado prazo, considerarase definitivamente aprobada sen necesidade de acordo expreso do Pleno.

**TERCEIRO.**— Facultar ao Sr. Alcalde- Presidente para subscribir e firmar toda clase de documentos relacionados con este asunto.

O Grove, 30 de abril de 2013.—O Alcalde, Miguel Angel Pérez García.

**2013004399****E D I C T O**

D. Daniel Sineiro Fontenla e/r de CONSULTING GALEGO DE ENXEÑERÍA S.L., solicitou licenza municipal de actividade para instalación e apertura dunha tapería - vinoteca (expte. núm. 10/11), que se situará na Aldea Comercial A Toxa, locais A31 e A32 (O Grove). En cumprimento co disposto no artigo 8.3 do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, de avaliación da incidencia ambiental, sométese a información pública, por un prazo de vinte días, para que todas as persoas que se encontren afectadas poidan examinar o expediente no departamento de Urbanismo e formular por escrito as alegacións que consideren pertinentes.

O Grove, 22 de abril de 2013.—O alcalde, Miguel Ángel Pérez García.

**2013004397**

\* \* \*

**MARÍN*****ANUNCIO DE LICITACIÓN***

*Anuncio do Concello de Marín polo que se convoca licitación pública para a contratación do servizo de "Información e asistencia xurídica ás persoas usuarias do CIM".*

**1. ENTIDADE ADXUDICADORA:**

- a) Organismo: Concello de Marín
- b) Dependencia que tramita el expediente: Secretaría
- c) Domicilio: Avenida de Ourense s/n, Marín -36900
- d) Número de expediente: 116 /13

**2. OBXETO DO CONTRATO:**

- a) Tipo: Servizos
- b) Descripción: Prestación de información e asesoramente xurídico ás usuarias do CIM por avogado/a en exercicio que posúa formación en temas relacionados co principio de igualdade de oportunidades e experiencia profesional, ambas as dúas acreditadas.